



## **RECORDATORIO FORMAS PAGO ACTIVIDADES, ALMORZOS E MERENDAS SAUDABLES CURSO 2018/19**

As diferentes actividades pagaranse nos **primeiros dez días do respectivo mes**. O pago das actividades farase **na oficina da ANPA** ou por **transferencia bancaria** a C/C da ANPA **ES88 0182 0173 7102 0158 7972** (no concepto deberase indicar **nome e apelidos do neno, actividades e mes que se paga**). As **baixas** nas actividades tramitaranse **no local da ANPA** por escrito ou no correo **anpaasolaina@yahoo.es sempre antes do día primeiro** do mes no que se quere dar de baixa. No caso de que **algún neno teña impagadas dúas mensualidades causará baixa** inmediata na mesma.

Tamén recordarvos que para utilizar o **servizo de almozos** durante o curso **2018/2019** **terán que cumprirse o seguintes requisitos: ser socio** da ANPA e pagar unha fianza de **30 € por usuario** e no caso de **dous ou máis usuarios de 50 € por unidade familiar** (que se devolverá os días **25 e 26 de xuño de 2019**). O pago dos almozos farase nos dez días seguintes ao mes finalizado **na oficina da ANPA, no mesmo comedor a Manuela** tamén se lle poderá deixar a mes vencido o importe dos almozos co carné de usuario (logo na ANPA selaremos o carné de almozos) ou por **transferencia bancaria** a C/C do ANPA **ES88 0182 0173 7102 0158 7972** (no concepto deberase indicar **nome e apelidos do neno, a palabra ALMORZOS e o mes que se paga**).

O importe dos almozos a partir do **8 xaneiro de 2019** cobrárase integramente (**1,80 € día/usuario**) ata que non se perciba o importe do **Convenio do Concello do ano 2019**, unha vez que se reciba a Subvención devolverase aos diferentes usuarios a parte que cubre o Convenio.

Por último se non puidestes aboar o primeiro Trimestre de **Merendas Saudables** podedes facelo **nos primeiros dez días do mes de decembro no local da ANPA**.

Debido aos nosos traballos e familias, e ao escaso número de compoñentes deste ANPA este ano **soamente podemos abrir** o noso local **nos primeiros dez días de cada mes** no seguinte horario:

**Luns: De 09:05 a 10:00 h.**

**Martes 4 de decembro: De 10:00 a 11:00 h. (só decembro)**

**Mércores 5 de decembro: De 10:00 a 11:00 h.(só decembro)**

**Mércores: De 16:45 a 17:15 h.**

**Xoves: De 18:00 a 19:00 h.**